

# Caprimulgus europaeus Linnaeus, 1758

	avenoiteira cincenta, denoiteira cincenta
	chotacabras gris, chotacabras europeo
	zata arrunta
	enganyapastors, covaterra, bocatxo
	European nightjar, Eurasian nightjar
	noitibó-da-europa



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	51-101 g(♂), 67-95 g(♀)
<b>Lonxitude</b>	24,5-28 cm
<b>Envergadura</b>	52-59 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Caprimulgiformes	Caprimulgidae	<i>Caprimulgus</i>

## ALIMENTACIÓN

Insectos voadores, sobre todo avelaíñas, escaravellos ou moscas.

## COMPORTEMENTO

Son animais nocturnos e crepusculares, monógamos e territoriais. Ten comportamento migratorio en toda a súa distribución, invernando en zonas máis cálidas en setembro e volvendo en abril.

## REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue dende xuño ata agosto. Poñen 1-2 postas de 1-3 ovos, que son incubados pola femia 17-21 días, substituída a poucos polo macho. As crías poden voar aos 16-17 días, inda que cohabitan cos pais ata os 32 días. Acadan a madurez ao ano.

## HÁBITAT

Marxes de bosques, zonas abertas, matos, estepas e páramos.

## DISTRIBUCIÓN

Crían en toda Europa agás por Islandia, Escocia e norte de Fenoscandia, norte do Magreb, Oriente Próximo menos Arabia, sur da Rusia Asiática, Mongolia, Asia Central, Paquistán e Afganistán. Pasan o inverno no golfo de Guinea e en África Oriental e Sudáfrica.

## CURIOSIDADES

Viven e aniñan no chan, camuflándose grazas aos patróns miméticos da súa plumaxe. Posúen unhas sedas arredor do peteiro que lles axudan a capturar insectos mentres voan.

A subespecie presente no campus é *Caprimulgus europaeus meridionalis* Hartet, 1896, propia do sur de Europa e o norte do Magreb.